

# APRENDE COAS MULLERES GALEGAS

actividades



Ilustracións: Tania Solla  
Textos: Polo Correo do Vento

## MARIA WONENBURGER

(Oleiros 1927 - A Coruña 2014)

Foi unha matemática e investigadora galega de renome internacional que traballou no campo da álgebra.

María vai ao instituto a Coruña. É unha alumna sobresaínte

e unha moza afeccionada ao hóckey a patíns e ao baloncesto, toca o violín e fala inglés e alemán. Ao rematar o instituto estuda Matemáticas en Madrid, e cando se licencia é a primeira muller en acceder á bolsa Fulbright. Con ela vai á Universidade Yale nos Estados Unidos, onde realiza o doutoramento en álgebra sobre a teoría de grupos. Anos máis tarde traballaría na Universidade de Ontario, no Canadá, e na de Indiana nos Estados Unidos, onde chega a ser catedrática.

E ti, queres saber máis?

Sabías que existe  
o premio María Wonenburger  
polo cal a Xunta de Galicia  
recoñece as traxectorias de  
diferentes científicas galegas?

# MULLERES GALEGAS

## premios

Procura na rede cal foi a profesión de cada unha das mulleres premiadas con este galardón que citamos a continuación e anota as túas descubertas:

Inmaculada Paz Andrade  
María Teresa Miras Portugal  
María Soledad Soengas González  
Carmen Navarro Fernández-Balbuena  
Ofelia Rey Castelao  
Tarsy Carballas Fernández  
María José Alonso  
Carmen García Mateo  
Isabel Aguirre de Úrcula  
Peregrina Quintela Estévez  
Begoña Vila Costas  
Alicia Estévez Toranzo  
Mabel Loza García

Sabías que cando  
María Wonenburger  
era moza había xente  
que pensaba  
que as mulleres  
non debían facer deporte?

# MULLERES GALEGAS

colorea




María Wonenburger  
non facía caso desta cuestión  
e era afeccionada  
ao hóckey a patíns  
e ao baloncesto.

Sabías que María Wonenburger fixo dous doutoramentos no eido das matemáticas?

# MULLERES GALEGAS

reflexiona



Reflexiona na **importancia das matemáticas** no noso día a día.

Enumera e anota as veces que empregas ti ou alguén da túa familia calquera actividade matemática, por exemplo, ao facer a compra, no deporte, ao conducir ou na cociña.

---



---



---



---



---



---



---



---



---

Realiza este encrucillado.  
Aparecerán agochados  
diferentes termos  
relacionados coa vida de  
María Wonenburger.

# MULLERES GALEGAS


## encrucillado

### Horizontais

- 1- Na Universidade Yale obtén o doutoramento no campo da...
- 3- Idioma que se fala en Londres e que estudou María Wonenburger.
- 5 - A Universidade de Ontario onde deu clase pertence ao estado do...
- 7- De moza na Coruña era moi afeccionada ao deporte do...
- 9 - Obtén unha bolsa ..... para estudar no extranxeiro
- 11- Ela é unha experta na disciplina das...

### Verticais:

- 2- Morre na cidade da...
- 7- Idioma que se fala en Berlín e que estudou María Wonenburger.
- 9 - Acadou o doutoramento pola Universidade...
- 11- Nace no Concello de...



Hai frases que poden definir unha persoa. Nestas afirmacións hai catro que definen a María Wonenburger.

# MULLERES GALEGAS

## frases

O que máis me gusta é non facer nada.

O meu maior orgullo é o meu alumnado.

Son unha persoa triste.

Teño tendencia a ser feliz.

Fun a primeira muller bolsreira das bolsas Fullbright.

Odio facer deporte.

Fun a única muller no departamento de matemáticas en Toronto.



Comproba  
as túas  
actividades.

# MULLERES GALEGAS

soluciona

## encrucillado

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11
1	A	L	X	E	B	R	A				
2							L				
3			I	N	G	L	E	S			
4							M		Y		
5				C	A	N	A	D	A		O
6		C					N		L		L
7	H	O	C	K	E	Y			E		E
8		R									I
9	F	U	L	B	R	I	G	H	T		R
10		Ñ									O
11	M	A	T	E	M	A	T	I	C	A	S

## frases

O que máis me gusta é non facer nada. **Falsa**

O meu maior orgullo é o meu alumnado. **Correcta**

Son unha persoa triste. **Falsa**

Teño tendencia a ser feliz. **Correcta**

Fun a primeira muller bolseira das bolsas Fullbright. **Correcta**

Odio facer deporte. **Falsa**

Fun a única muller no departamento  
de matemáticas en Toronto. **Correcta**